



9

O espazo humano mundial

Virginia Apgar. Anestesioloxía

Nacín en New Jersey, Estados Unidos, en 1909, e estudei medicina na Universidade de Columbia. O meu nome é Virginia Apgar, especialiceime en anestesioloxía e mentres traballaba na Unidade de Maternidade do Sloane Hospital for Women, advertín que as cifras de mortalidade neonatal eran elevadas, sobre todo nas primeiras vinte e catro horas de vida.

Co fin de axudar a reducir esta alta taxa de mortalidade, inventei un sistema que revela se existe algún problema de saúde nos recién nados. Este método, que se denominou test de Apgar en honor ao meu nome, consiste en avaliar unha serie de indicadores durante os primeiros minutos de vida: frecuencia cardíaca, ton muscular, esforzo respiratorio, reflexos e ton da pel. Segundo a puntuación obtida nestes cinco parámetros, pódese detectar se o bebé presenta algún problema vital e prepáranos para unha rápida actuación,

permitíndonos buscar solucións para tratar de garantir a súa supervivencia.

O test de Apgar segue utilizándose hoxe en día a nivel mundial e axuda a reducir a taxa de mortalidade infantil.

Para comprender mellor o espazo humano mundial, vas coñecer:

- Como e por que se distribúe a poboación no espazo.
- Cales son os movementos naturais da poboación.
- Como foron o crecemento e a evolución da poboación mundial.
- Cal é a composición da poboación por sexo e por idade. As pirámides de poboación.
- Que movementos migratorios se producen.

PREGUNTAS E RESPOSTAS

- 1 Con que fin creou Virginia Apgar o test que leva o seu nome?
- 2 A doutora Apgar interesouse por outras actividades ademais da medicina. Investiga sobre as súas múltiples facetas e realiza unha biografía sobre ela.

- 3  **Comprobamos.** Resolve as cuestións formuladas en cada un dos apartados da páxina da dereita.

Para iso, podes consultar a información contida na unidade.

1 A distribución espacial da poboación mundial

1.1 A poboación e as fontes demográficas

A **poboación** é o conxunto de habitantes dun territorio. Do seu estudo ocúpanse diversas ciencias, como a demografía, a xeografía, a socioloxía e a economía.

A **xeografía** estuda as características da poboación no espazo que habita; é dicir, a distribución, a evolución, os movementos, e a estrutura ou composición dos seus efectivos. Con este fin utiliza a información achegada por diferentes fontes. As máis completas son as proporcionadas pola División de Poboación da ONU.

1.2 A repartición desigual da poboación

A poboación da Terra era duns 8000 millóns de persoas en 2022. A súa distribución analízase por medio da densidade de poboación, que relaciona o número total de habitantes dun territorio, ou poboación absoluta, coa súa extensión en quilómetros cadrados. O mapa de densidades mostra como esa distribución é moi irregular, xa que existen contrastes entre focos de concentración e de despoboamento.

- Os **focos de concentración** principais son o sur e sueste de Asia; Europa occidental e central; e a costa leste dos Estados Unidos. Ademais, existen focos menores de alta densidade nos vales dalgúns ríos, como o Nilo; en certas costas, como o litoral atlántico do Brasil, México e o Magreb; e en áreas con recursos minerais e enerxéticos.
- Os **focos de despoboamento** coinciden cos polos e as zonas frías; coas zonas de alta montaña, como o Himalaia, o Tíbet e as Montañas Rochosas; cos desertos, como os do Sáhara, Arabia, Namibia, Kalahari, Atacama e australiano; e coas grandes selvas ecuatoriais.

1.3 Os factores de distribución

A desigual distribución da poboación na Terra débese a factores físicos e humanos.

- Os **factores físicos** máis destacados son o relevo, o clima, a auga e o solo. Así, a poboación prefire asentarse nas zonas con relevo chairro, clima temperado, próximas ao mar, e onde existen auga doce, solos fértiles ou recursos minerais e enerxéticos.
- Os **factores humanos** máis influentes son históricos, políticos e económicos. Así, a **antigüidade** do poboamento explica as altas densidades de Asia e Europa. **Decisións políticas**, como as guerras e os cambios de fronteiras, desprazan a poboación e crean baleiros ou concentracións demográficas. E a **economía** explica que nos países atrasados, de economía agraria, a poboación se concentre nas áreas de riqueza agrícola e solos fértiles; ou que nas sociedades avanzadas, de economía industrial e terciaria, prefira instalarse nas áreas máis favorables para estas actividades, como cidades, praias, portos, grandes concas mineiras, etc.

A densidade de poboación

$$\text{Densidade de poboación} = \frac{\text{Poboación total}}{\text{Superficie en km}^2} = \text{hab/km}^2$$

Alta = máis de 100 hab/km²

Media = entre 50 > 100 hab/km²

Baixa = entre 25 > 50 hab/km²

Moi baixa = menos de 25 hab/km²

AVANZA EN COMPETENCIAS

Manexar datos

- 1 Calcula a densidade de poboación dos continentes. Indica en cada caso se é alta, media ou baixa e se se encontra por enriba ou por debaixo da media mundial.

Continentes	Poboación 2021 (millones)	Superficie km ²
África	1373	30 357 269
América	1027	42 216 358
Asia	4 651	45 039 762
Europa	744	10 530 751
Oceanía	43	8 504 464

PRB. 2021. World Population Data Sheet

- 2 Consulta no Anexo estatístico as densidades dos seguintes países: Libia, India, Finlandia, Brasil e Alemaña.


Despois, localiza estes países no correspondente foco de concentración ou de despoboamento mundial, e sinala algúns factores que poden explicar esta situación.

Elaborar recursos

- 3 Elabora unha presentación en PowerPoint con imaxes representativas dos focos de concentración e despoboamento da poboación mundial.

O mapa mundial de densidades

A distribución espacial



E algúns factores explicativos

Relevo



As montañas condicionan a distribución de poboación. Esta, en xeral, descende coa altura.

Clima e auga



Os climas temperados, as costas e as áreas con auga doce son zonas favorables para o asentamento humano.

Solo



Os solos fértiles favorecen o asentamento da poboación pola súa aptitude para a agricultura.

Antigüidade do poboamento



Asia e Europa tiveron un poboamento temperán, ligado ao descubrimento da agricultura no Neolítico.

Conflitos bélicos



En ocasións, os conflitos bélicos obrigan a poboación a asentarse en zonas distintas ás de orixe.

Utilizar mapas

4 A partir do mapa de densidades, resolve estes interrogantes:

- Cal dos dous hemisferios está máis poboado? Por que?
- No continente africano, que relación existe entre os climas e os focos de despoboamento demográfico?

2 Os movementos naturais da poboación

2.1 O dinamismo da poboación

A poboación dun país ou dunha área aumenta ou diminúe, ao longo do tempo, debido á acción combinada de dous movementos:

– **O movemento natural.** É o crecemento ou decrecemento da poboación por causas naturais. É dicir, pola diferenza entre a natalidade, que suma habitantes; e a mortalidade, que os resta. O balance entre a natalidade e a mortalidade é o **crecemento natural** ou vexetativo.

– **Os movementos migratorios.** Son os desprazamentos da poboación no espazo. A chegada de poboación doutros lugares, ou **inmigración**, suma habitantes; e a saída de poboación cara a outras áreas, ou **emigración**, réstaos.

Estes movementos estúdanse a través do cálculo de índices, chamados **taxas**, que adoitan expresarse en tantos por mil (‰).

2.2 A natalidade

A natalidade é o número de nacementos ocorridos nunha poboación durante un ano. Para medila utilízanse dúas **taxas**: a taxa de natalidade e o índice de fecundidade.

As diferenzas espaciais

En 2020, a taxa de natalidade no mundo era do 18 ‰, e o índice de fecundidade de 2,3 fillos por muller. Ambos os dous son valores moderados.

Non obstante, estas cifras medias esconden grandes diferenzas espaciais, sendo altas nos países menos desenvolvidos e baixas nos máis desenvolvidos.

Os factores explicativos

Os **factores** que explican estas diferenzas entre países son diversos:

- **Biolóxicos**, como a idade da nai.
- **Demográficos** e **socioeconómicos**, como a porcentaxe de mozos ou de anciáns existente, a idade do matrimonio, o custo dos fillos, o traballo da muller fóra do fogar, o acceso a anticonceptivos, ou as crenzas relixiosas.
- **Políticos**, como a planificación familiar, a actitude do estado ante o aborto, ou a existencia ou non de axudas ás familias.

As taxas demográficas

As taxas para medir a natalidade



A taxa de natalidade

$$\frac{\text{N.º de nacementos} \times 1000}{\text{Poboación total}} \text{ ‰}$$

Alta: mais de 30 ‰

Media: entre 20 ‰ e 30 ‰

Baixa: inferior a 20 ‰

O índice sintético de fecundidade

Indica a media de fillos por muller. Para que unha xeración se substitúa a si mesma necesítase unha media de 2,1 fillos por muller.

Alto: mais de 3,5

Medio: entre 3,5 e 2,1

Baixo: 2 ou menos

As taxas para medir a mortalidade



A taxa de mortalidade

$$\frac{\text{N.º de defuncións} \times 1000}{\text{Poboación total}} \text{ ‰}$$

Alta: mais de 15 ‰

Media: entre 10 ‰ e 15 ‰

Baixa: inferior a 10 ‰

A taxa de mortalidade infantil

$$\frac{\text{N.º de falecidos menores dun ano} \times 1000}{\text{N.º de nacementos}} \text{ ‰}$$

Alta: mais de 50 ‰

Media: entre 50 ‰ e 25 ‰

Baixa: inferior a 25 ‰

A esperanza de vida

Suma dos anos vividos polos membros dunha poboación

Nº de individuos desa poboación

Alta: mais de 70

Media: entre 60 e 70

Baixa: menos de 60

AVANZA EN COMPETENCIAS

Manejar datos Análise asociativa


- 1 Calcula as taxas de natalidade, de mortalidade e de crecemento natural destes dous países.

2020 - 2025	Poboación (miles)	Nacementos (miles)	Defuncións (miles)
País A	127 353	1067	1244
País B	13 986	715	200


- 2 Busca no Anexo estatístico dous países con taxas de natalidade altas; e dous con taxas baixas. Explica os factores que poden influír en cada un dos grupos aos que pertencen.

A distribución espacial dos movementos naturais

A fecundidade




Os dez países con maior fecundidade en 2020



Fonte: www.prb.org

A esperanza de vida ao nacer

Os dez países con maior esperanza de vida de vida en 2020



Fonte: Indexmundi.



2.3 A mortalidade

A mortalidade é o número de defuncións ocorrida nunha poboación durante un ano. Mídese coa axuda de tres **taxas**: a **taxa de mortalidade**, a **taxa de mortalidade infantil** e a **esperanza de vida**.

As diferenzas espaciais

En 2020, a taxa de mortalidade media no mundo era de 8 ‰, un valor baixo. Neste caso, as diferenzas entre países son menos marcadas. En xeral, tende a reducirse nos países menos desenvolvidos; e tende a aumentar nos máis desenvolvidos, debido á alta esperanza de vida e ao envellecemento demográfico.

Os factores explicativos

Os factores que explican estas diferenzas entre países son tamén moi diversos. **Biolóxicos**, como a herdanza ou o sexo, xa que as mulleres viven máis que os homes. **Demográficos e socioeconómicos**, como a porcentaxe de mozos ou de anciáns, os ingresos, a profesión, o nivel cultural, os hábitos de vida ou a dieta. E **políticos**, como a existencia ou non de saneamento público e acceso á auga potable; e dun estado do benestar que garanta a sanidade.

Elaborar contidos propios

- 3 Elabora un mapa coas taxas de natalidade e de mortalidade de cada continente. Saca conclusións da información que achegan.

2020	Taxa de natalidade ‰	Taxa de mortalidade ‰
MUNDO	18	8
África	33	8
África subsahariana	36	8
Norte de África	23	6
Oeste de África	37	10
Leste de África	34	6
Centro de África	42	9
Sur de África	20	11
América	14	8
Norte de América	11	10
América Latina e Caribe	16	7
Asia	16	7
Oeste de Asia	19	5
Centro de Asia	25	6
Sur de Asia	21	6
Leste de Asia	8	7
Europa	9	12
Norte de Europa	10	10
Oeste de Europa	10	11
Leste de Europa	9	15
Sur de Europa	7	12
Oceanía	16	7

PRB. 2021. World Population Data Sheet

DESTREZA

Consulta o traballo con mapas.
Os mapas temáticos

3 O crecemento natural e a evolución da poboación mundial

3.1 O crecemento natural e as súas diferenzas

O crecemento natural ou vexetativo da poboación é a diferenza entre a natalidade e a mortalidade. Cando os nacementos superan as defuncións, o crecemento é positivo; no caso contrario, é negativo.

Na actualidade, este crecemento presenta grandes contrastes entre países. Así, os **países máis desenvolvidos** caracterízanse por un crecemento natural débil; en ocasións, incluso, negativo xa que a taxa de mortalidade supera a de natalidade. Os **países menos desenvolvidos** teñen un elevado crecemento natural, pois manteñen altas taxas de natalidade e a mortalidade tende a reducirse.

3.2 Un modelo explicativo.

A teoría da transición demográfica

A situación actual e a evolución demográfica da humanidade poden explicarse a partir da teoría da transición demográfica. Segundo ela, esta evolución pasa por tres etapas ou réximes demográficos diferenciados pola natalidade, a mortalidade e o crecemento natural.

O réxime demográfico antigo

A taxa de **natalidade** é alta e a fecundidade é de tipo natural, pois non se aplican métodos anticonceptivos e os fillos son necesarios para axudarlles aos pais. A **mortalidade** xeral e infantil tamén son altas, pola deficiente alimentación, medicina e hixiene, polo que a **esperanza de vida** é baixa (entre 33 e 35 anos). Como resultado, o **crecemento natural** da poboación é débil.

Ata o ano 1750, todos os países da Terra se encontraban nesta situación. Polo tanto, ata esa data, o crecemento da poboación mundial foi baixo.


A transición demográfica

Divídese en dúas fases, e diferénciase polo forte crecemento demográfico.

- Nunha **primeira fase**, a taxa de **natalidade** mantense elevada. A taxa de **mortalidade**, en cambio, inicia unha forte redución pola mellora da alimentación, da medicina e da hixiene. Como consecuencia, o **crecemento natural** é moi elevado.
- Nunha **segunda fase**, a **natalidade** comeza a descender ao iniciarse o control dos nacementos; o paso a unha economía urbana, industrial e de servizos, e a extensión dos seguros de paro, enfermidade, xubilación, etc. Mentres, a **mortalidade** segue descendendo, polo que o **crecemento natural** é menor, aínda que resulta marcadamente positivo.

Os actuais **países desenvolvidos** completaron a transición demográfica entre 1750 e 1950.

Evolución da poboación



AVANZA EN COMPETENCIAS

Usar fontes de información

- 1 Calcula o crecemento natural destas rexións da Terra. Algunha ten crecemento negativo?


2020	Taxa de natalidade %	Taxa de mortalidade %
Centro de África	42 %	9 %
América Latina e Caribe	16 %	7 %
Sur de Europa	7 %	12 %

PRB. 2021. World Population Data Sheet.

Manexar gráficos

- 2 Responde as seguintes preguntas observando o gráfico:
 - a) En que momentos é negativo o crecemento? Como o sabes?
 - b) En que se parece e en que se diferencia o crecemento natural nos réximes demográficos antigo e moderno?
 - c) Por que a fase de pretransición non se exemplifica con ningún país?

Etapas de crecemento e réximes demográficos



A **teoría da transición demográfica** explica a evolución demográfica da humanidade baseándose nos cambios ocorridos na natalidade e na mortalidade dos países desenvolvidos, e a súa evolución no tempo.

De acordo con iso, distingue entre unha etapa antiga, preindustrial ou tradicional; e unha etapa moderna ou industrial, separadas por unha etapa de transición máis ou menos prolongada.

Países en diferentes etapas da evolución demográfica.

Transición demográfica. Fase inicial			Transición demográfica. Fase final			Réxime demográfico moderno		
Países	Taxa de natalidade (en ‰)	Taxa de mortalidade (en ‰)	Países	Taxa de natalidade (en ‰)	Taxa de mortalidade (en ‰)	Países	Taxa de natalidade (en ‰)	Taxa de mortalidade (en ‰)
Níxer	47	10	Filipinas	22	6	Xapón	7	11
Malí	45	9	India	20	6	Alemaña	9	12
Uganda	39	6	Marrocos	18	5	Italia	7	13

Fonte: 2021 World Population Data Sheet

Os **países subdesenvolvidos** entraron na súa maioría na primeira fase da transición entre 1950 e 1975, tras difundirse os avances médicos e sanitarios desde os países desenvolvidos. Actualmente, só se manteñen nesta fase os máis atrasados; pois os de desenvolvemento emerxente iniciaron desde 1975 a segunda fase da transición.

A consecuencia desta evolución foi un extraordinario crecemento da poboación mundial entre os anos 1950 e 1975, coñecido como explosión demográfica.

O réxime demográfico moderno

A **natalidade** e a fecundidade son reducidas, debido ao emprego de anticonceptivos, ao atraso da maternidade, ao traballo da muller fóra do fogar e ao custo da crianza dos fillos.

A **mortalidade** xeral e infantil tamén é baixa, debido ao bo nivel alimentario, médico e sanitario, e a **esperanza de vida** é alta (superior a 70 anos). Polo tanto, o **crecemento natural** é reducido.

Neste réxime encóntranse os países desenvolvidos desde 1950; e desde datas recentes, China e a maioría de países de América Latina. Este feito traducirase nunha desaceleración do crecemento da poboación mundial, a pesar de que aínda tardará anos en notarse.

Buscar información relevante

- Busca no anexo estatístico do libro países que exemplifiquen as taxas de natalidade e de mortalidade de cada etapa e fase. Anota os valores e relacións cun nivel de desenvolvemento.

4 A composición da poboación

A composición ou estrutura da poboación infórmanos sobre as características internas dunha poboación: sexo, idade, estado civil, nivel de estudos, actividade profesional, etc. De todas elas, a Xeografía interésase sobre todo pola **estrutura biolóxica**, ou composición por sexo e idade; e pola estrutura económica, ou relación cos sectores da economía, que estudaremos en unidades posteriores.

4.1 A composición por sexo

A composición por sexo é a proporción entre o número de homes e mulleres dunha poboación. Mídese a través das taxas de masculinidade e feminidade.

En 2022, no mundo había 101,6 varóns por cada 100 mulleres. Os varóns predominan no grupo de idades novas, pois nacen en maior número. Non obstante, a proporción de mulleres aumenta coa idade, xa que a súa esperanza de vida adoita ser máis alta polos traballos desempeñados tradicionalmente, pola súa menor participación nas guerras, e, ata datas recentes, por manter uns hábitos de vida máis saudables.

4.2 A composición por idade

A composición por idade é a porcentaxe de poboación nova (0-14 anos), adulta (15-64 anos) e anciá (65 anos e máis) dunha sociedade. Na actualidade, a Terra ten unha poboación adulta, cunha moderada porcentaxe de xente nova e anciá (25 ‰ e 10 ‰, respectivamente, en 2022). Non obstante, existen grandes diferenzas mundiais:

- A **poboación nova** é propia de países subdesenvolvidos da África subsahariana, Asia e América Latina que están empezando a súa transición demográfica. Este feito orixina o rápido crecemento da súa poboación e graves problemas como desnutrición, analfabetismo e altas taxas de paro, que favorecen o descontento social e a emigración.
- A **poboación adulta** é propia de países de desenvolvemento emerxente de Asia e América Latina, que están nunha fase avanzada da transición demográfica. Esta situación explica o seu moderado crecemento demográfico e a súa abundante man de obra en idade de traballar.
- A **poboación envellecida** é propia dos países ricos de Europa, Estados Unidos, Canadá e Xapón, que remataron a transición demográfica. Esta situación ocasiona un baixo crecemento demográfico, o que provoca escaseza de traballadores e elevados gastos en pensións, sanidade e asistencia social das persoas maiores.

4.3 As pirámides de idades

A composición por sexo e idade, nun lugar e nun ano determinados, adoita representarse de forma gráfica por medio da pirámide de idades. Esta reflicte a xuventude, madurez ou vellez dunha poboación; e a súa historia demográfica recente: migracións, guerras, presenza ou ausencia de control da natalidade, etc.

Estrutura biolóxica: 2022

Estructura por sexo	Terra	Países desenvolvidos	Países subdesenvolvidos e emerxentes
Varóns por cada 100 mulleres de 0-14 anos	106,2	105,2	106,3
Mulleres por cada 100 varóns de 65 anos e máis	121,8	131,1	116,7



Estructura por idade	Terra	Países desenvolvidos	Países subdesenvolvidos e emerxentes
Mozos de 0-14 anos %	25	16,1	26,6
Anciáns de 65 e máis %	10	20,4	8

AVANZA EN COMPETENCIAS

Manexar datos

- 1 Resolve estes interrogantes a partir dos datos estatísticos:
 - a) Que trazos en común ten a estrutura por sexo en todas as áreas xeográficas da Terra?
 - b) A que se deben eses trazos?


As pirámides de poboación ou idades: 2021

Os perfís


As pirámides de idades representan nun eixe vertical á poboación agrupada en tramos de idade de cinco en cinco anos. E nun eixe horizontal, os efectivos de cada tramo, en cifras absolutas ou en porcentaxes, clasificadas por sexo: os homes á esquerda e as mulleres á dereita.

O perfil do gráfico resultante pode ter forma triangular, que indica unha poboación nova; de campá, correspondente a unha poboación adulta ou estable; ou de urna, propia dunha poboación anciá ou regresiva.


Triangular. Poboación nova



Campá. Poboación adulta




Urn. Poboación anciá




África subsahariana

Poboación total en 2021: 1122 849 miles de persoas




Sur e centro de Asia

Poboación total en 2021: 2037 698 miles de persoas



Europa occidental


Poboación total en 2021: 196 603 miles de persoas



As desigualdades mundiais


Mundo

Poboación total en 2021: 7 874 966 miles de persoas




Países subdesenvolvidos e emerxentes

Poboación total en 2021: 6 599 412 miles de persoas



Países desenvolvidos

Poboación total en 2021: 1 275 554 miles de persoas



Coñecer comportamentos demográficos Roda Ióxica

2 Observa os perfís das pirámides e realiza estas tarefas no teu caderno:

- Compara a base e o cume de cada pirámide e explica os motivos das diferenzas.
- Como se aprecia a diferente esperanza de vida?
- En cal das tres é máis parecida a proporción de homes e mulleres anciáns? En cal das tres se

aprecian máis diferenzas? A que se deben esas diferenzas?

3 Observa agora as pirámides do mundo e dos países de alto desenvolvemento e de baixo desenvolvemento e emerxentes. Responde as preguntas:

- Que tipo de poboación por idade ten o mundo?
- E os países de baixo desenvolvemento e emerxentes? E os de alto desenvolvemento?

DESTREZA

Consulta a pirámide de poboación

5 Os movementos migratorios (I).

As migracións interiores

5.1 Migracións e emigrantes

- Os **movementos migratorios** son desprazamentos de poboación no espazo.

A **emigración** é a saída de poboación desde un lugar de orixe; e a **inmigración** é a chegada de persoas a un lugar de destino. A diferenza entre inmigración e emigración é o **saldo migratorio**, cuxo valor pode ser positivo ou negativo.

- Os **emigrantes**, ou persoas que realizan un movemento migratorio, responden a diversos perfís.
 - **Pola súa forma de entrada** no país, os emigrantes poden ser legais, se entran con permiso ou con contrato de traballo; ilegais ou «sen papeis», se entran de forma clandestina; e **refuxiados**, se piden protección por considerar que a súa vida se encontra ameazada.
 - **Pola súa cualificación**, moitas son persoas sen cualificar ou pouco cualificadas, que se empregan nos traballos máis duros e peor pagados. Outras son persoas cualificadas ou moi cualificadas, que realizan tarefas máis especializadas e mellor remuneradas.

5.2 As causas das migracións

As causas das migracións son moi diversas:


- **A repulsión dos lugares de orixe.** Pode deberse a motivos **naturais**, como terremotos, erupcións volcánicas, secas, inundacións ou climas desfavorables; **políticos**, como guerras, desprazamentos forzosos e persecucións políticas, relixiosas ou raciais; e **económicos**, como exceso de poboación, falta de traballo e carencia de servizos sanitarios e educativos.
- **A atracción dos lugares de destino.** Pode deberse tamén a causas **naturais**, como condicións físicas e climáticas favorables; **políticas**, como a paz social; e sobre todo, **económicas**, como a maior oferta de emprego ou de oportunidades sociais e culturais.

5.3 As migracións interiores

As migracións interiores son os desprazamentos de poboación que teñen lugar no interior dun estado. A máis importante é o **éxodo rural**, ou emigración de persoas desde o campo á cidade.

- **No pasado**, o éxodo rural afectou especialmente os actuais países máis desenvolvidos. Estivo motivado pola mecanización do campo e o auxe da industria e dos servizos. Provocou o despoboamento e o envellecemento rural, e o crecemento das cidades.
- **Na actualidade** afecta, sobre todo, os países menos desenvolvidos. Está motivado polo alto crecemento demográfico e as malas condicións de vida do campo. Provoca un acelerado crecemento das cidades, cos conseguíntes problemas de vivenda e falta de servizos; traballo precario; pobreza e marxinação social.

Migracións e espazo



As migracións son un fenómeno demográfico de grande importancia, xa que redistribúen a poboación no territorio e repercuten na composición por idade e sexo das poboacións ás que lles afectan.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Establecer relacións


- 1 En relación coa inmigración e a emigración, que indica un saldo migratorio positivo?

Organizar información

- 2 Elabora un cadro comparativo sobre o éxodo rural. Debe incluír estas entradas: causas, consecuencias, países desenvolvidos e países menos desenvolvidos.

Manexar gráficos

- 3 Comenta o gráfico. En que se aprecia o éxodo rural? Que diferenzas hai entre os países desenvolvidos (vermello) e os países emerxentes e subdesenvolvidos (azul)?



DESTREZA

Consulta os datos estadísticos

Algúns tipos de migracións

A clasificación das migracións é unha cuestión problemática, debido á gran variedade de criterios e esquemas de clasificación que existen.

As máis usuais son as que teñen en conta o espazo percorrido (interiores e exteriores); a súa duración (temporais ou definitivas),

e o tempo no que se produciron ou se producen (históricas e actuais).

Outras clasificacións usuais parten da súa legalidade (legais e clandestinas) e da súa forma (voluntarias e forzosas).

Interiores



Realízanse dentro dun mesmo país. Por exemplo, os norteamericanos que emigraron de distintas localidades do país a Detroit.

Exteriores



Os emigrantes atravesan unha fronteira política. Por exemplo, os alxerianos e os exipcios que emigran a Italia e á Unión Europea.

Temporais



A migración efectúase só para un período de tempo. Por exemplo, o desprazamento a un lugar por motivos turísticos.

Definitivas



A migración leva consigo un cambio de residencia permanente. Por exemplo, os xubilados europeos que se asentan en España.

Históricas ou transoceánicas



Estiveron ligadas á conquista e colonización de espazos virxes ou pouco poboados, como a colonización de América do Norte.

Actuais



Son as que ocorren nos nosos días. Por exemplo, a que se leva a cabo entre os países de América Latina e Estados Unidos.

Promover a participación Asamblea de ideas

- Pon outros exemplos de tipos de migracións distintos aos mencionados na información superior.

Buscar información relevante

- Busca a páxina web dunha ONG dedicada a axudar os inmigrantes e obtén información sobre o seu traballo.

6 Os movementos migratorios (II).

As migracións exteriores

As migracións exteriores ou internacionais son os desprazamentos de poboación que traspasan as fronteiras nacionais. Estes desprazamentos poden ser continentais ou intercontinentais.

6.1 As migracións internacionais actuais

Na actualidade, as migracións internacionais adquiriron un volume de 280 millóns de persoas (2020). Esta situación é consecuencia do desequilibrio poboacional e económico entre países ricos e países pobres; dos medios de comunicación, que informan sobre as condicións de vida doutros lugares; e da mellora e abaratamento dos transportes, que facilita o traslado. Os trazos característicos destas migracións masivas son os seguintes:

- **As migracións Sur-Norte** foron, tradicionalmente, as máis numerosas. Prodúcese entre os países menos desenvolvidos de África, Asia e América Latina e os máis desenvolvidos de América do norte, Europa, Xapón e Oceanía.
- **As migracións Sur-Sur** crecen máis desde 2000. Orixínanse nos países máis pobres, e o seu destino son países de desenvolvemento emerxente próximos que contan con recursos petrolíferos (Golfo Pérsico, Arabia Saudita); ou con certo dinamismo económico (Singapore, Tailandia, Malaisia).
- **Outras migracións** de menor importancia numérica son as migracións **Norte-Sur**, que adoitan responder a motivos de cooperación económica e humanitaria; e as migracións **Norte-Norte**, protagonizadas por persoas moi cualificadas que buscan melloras laborais ou son trasladadas polas súas empresas. As migracións de **refuxiados**, en cambio, están en aumento; en 2017 afectaban a 25,4 millóns e concentrábanse en Asia e África.

6.2 As políticas migratorias internacionais

Nos países de destino. Os estados regulan a entrada e o tipo de inmigrantes desexado. Establecen os seus dereitos e condicións laborais. Planifican políticas de integración, que apostan polo multiculturalismo (formación na vida e cultura do país de acollida) ou pola naturalización (que lles permite aos inmigrantes converterse en cidadáns do país de acollida se reúnen certas condicións). E facilitan o retorno dos inmigrantes aos seus países de orixe.

Nos países de orixe. As políticas migratorias son máis variadas.


- Algúns estados favorecen a emigración polas vantaxes que ofrece: diminución do paro e do descontento social, remesas, etc. É o caso de certos países do Magreb e do sueste de Asia.
- Outros estados consideran que a emigración é demasiado alta e toman medidas para reducilas; entre outras, a mellora da educación e das oportunidades de emprego no propio país. É o caso dun número crecente de países de América Latina.

As correntes migratorias

Distribución das migracións internacionais por orixe e destino en 2019 (millóns e porcentaxe)



Evolución dos migrantes internacionais



AVANZA EN COMPETENCIAS


Manexar representacións gráficas

- 1 Explica, a partir dos datos estatísticos dos gráficos e mapas correspondentes, cales son os principais lugares de orixe e de destino dos movementos migratorios internacionais.




Buscar información relevante

- 2 Busca información en Internet respecto ao problema dos refuxiados e escribe un resumo no teu caderno.

Os espazos de orixe e de destino



Entre 2000 e 2020, as principais rexións emisoras de emigrantes foron Asia, América Latina e África. As rexións de destino máis importantes foron Asia occidental e do sueste, Europa e América do norte.



Utilizar mapas

- Localiza no mapa, en cada continente, un país emigratorio e un país inmigratorio. Clasifícaos como pertencentes ao Norte ou ao Sur.

Elaborar recursos

- Busca imaxes ilustrativas das migracións internacionais. Redacta para cada unha un pé explicativo.



A muller e as migracións internacionais

Nos últimos anos produciuse unha feminización da migración internacional; de feito, as mulleres constitúen xa case a metade da poboación migrante do mundo (49 % en 2013). Ademais, cada vez son máis as que migran de forma autónoma en vez de facelo como dependentes familiares, é dicir, viaxando cos seus esposos ou reuníndose con eles.

Por áreas mundiais, en 2020 predominaba a migración de mulleres en Europa (51,6 %), América do Norte (51,8 %) e Oceanía (50,5 %).

Os destinos principais das mulleres teñen a dirección Sur-Sur, pois se producen desde países pobres cara a rexións ou países veciños de desenvolvemento emerxente, como os de Oriente Medio; pero as que migran en sentido Sur-Norte tamén están crescendo.

AVANZA EN COMPETENCIAS


Comprensión, expresión e TIC

- 1 Despois de ler os documentos, saca conclusións e contesta: que diferenzas aprecias entre as migracións feminina e masculina?
- 2 Imaxina que es unha migrante internacional. Redacta un texto de dez liñas explicando a túa viaxe desde o teu país de orixe ao de destino.
- 3  Busca información en Internet sobre organizacións ou organismos dedicados a axudarlles ás mulleres migrantes. Escribe un resumo da información obtida.

MIGRACIONES

1. Mulleres e homes

Actualmente, as mulleres constitúen case a metade de todos os emigrantes e predominan nas correntes migratorias cara aos países emerxentes do Sur.



2. Motivos para emigrar

A maioría das mulleres migrantes móvese de forma voluntaria por motivacións económicas.

Tamén inflúen o desexo de fuxir da discriminación, da falta de dereitos ou da violencia de xénero.



3. Traballos

Nos países de destino, as mulleres procedentes de países do Sur ocúpanse na súa maioría nas tarefas domésticas e no coidado de nenos, anciáns, enfermos e dependentes.


Tamén traballan na industria intensiva, como man de obra barata e flexible.



4. Condicións laborais


En moitos casos, desempeñan os traballos menos valorados e remunerados e con falta de regularización laboral. Algunhas son vítimas da trata de persoas, e son forzadas, na prostitución ou na mendicidade organizada.

5. Distribución espacial



En 2020 había no mundo 101 países ou áreas onde as mulleres eran máis da metade dos migrantes.

6. Consecuencias da migración feminina



A achega de ingresos das mulleres migrantes favorece o incremento da súa autoestima, da súa autonomía e do seu status familiar. Non obstante, o mantemento das ideoloxías de xénero, que fai recaer nelas o coidado dos fillos e do benestar familiar, supón que en moitos casos sexan culpabilizadas de abandono e desatención dos fillos.

As mulleres migrantes tamén lles envían ingresos ás súas familias. Estes son menos cuantiosos que os enviados polos homes, porque os seus salarios son máis baixos; pero representan unha maior proporción do que gañan, á custa de gastar menos no seu propio benestar.

7 AS consecuencias das migracións

As migracións provocan a redistribución da poboación no espazo. Non obstante, as súas consecuencias demográficas, económicas e sociais son distintas para as áreas de orixe e de destino das persoas migrantes.

7.1 As áreas de orixe

En xeral, as áreas de procedencia dos emigrantes obteñen máis vantaxes que inconvenientes.

- Entre as **vantaxes**, destacan a diminución da poboación e da natalidade, posto que os emigrantes son na súa maioría novos. A redución do desemprego, do descontento e da conflitividade social, pola saída masiva de persoas que non teñen oportunidades laborais. E a entrada de ingresos, pois os emigrantes envíanlles remesas de diñeiro ás familias que deixaron no seu país de orixe, que colaboran ao desenvolvemento económico e a modernización da súa sociedade.
- Entre os **inconvenientes**, resaltan a perda da poboación máis nova e emprendedora, e o envellecemento da sociedade.

7.2 As áreas de destino

Nas áreas de chegada, as migracións teñen, tamén, unha serie de vantaxes e inconvenientes.

- Entre as **vantaxes**, resaltan o aumento e rexuvenecemento da súa poboación, co conseguinte aumento da natalidade; a chegada de man de obra barata, que ocupa os postos de traballo máis duros e peor remunerados, e o aumento da súa diversidade lingüística e relixiosa e da multiculturalidade.
- Entre os **inconvenientes**, destacan os problemas de convivencia que se xeran ás veces entre a poboación do lugar e os inmigrantes, como a xenofobia, ou actitude de rexeitamento ao inmigrante; e o racismo, ou actitude que considera os inmigrantes como persoas inferiores.

Outros inconvenientes son a inadaptación dalgúns inmigrantes aos costumes dos países de acollida; a escaseza de vivendas a prezo accesible, e a necesidade de aumentar algúns servizos públicos, como hospitais e colexios.

7.3 A cooperación internacional

A importancia das migracións internacionais levou a ONU a crear un **Foro Mundial sobre Migración e Desenvolvemento** no que participan máis de 150 estados.

Os seus **obxectivos** principais son protexer os dereitos humanos e laborais de todos os migrantes; evitar a xenofobia; loitar contra o tráfico de seres humanos; e protexer e acoller as persoas desprazadas por desastres naturais, guerras e persecucións.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Organizar información

- 1 Compara nun cadro as consecuencias das migracións.

	Vantaxes	Inconvenientes
Áreas de orixe		
Áreas de destino		


Manexar gráficos

- 2 Explica que relación existe entre remesas e migración.




Fonte: Banco Mundial.

- 3 Localiza nun mapa os principais países receptores de remesas en 2020. Clasifícaos por continentes.



Emigrantes, racismo e xenofobia



A Asemblea Xeral das Nacións Unidas convocou unha Conferencia Mundial contra o Racismo, a Discriminación Racial, a Xenofobia e outras formas conexas de Intolerancia, que se celebrou en 2001, na cidade surafricana de Durban. Nela, adoptouse por aclamación a **Declaración e o Programa de Acción de Durban**, un documento no que por primeira vez se recoñece que ningún país do mundo está exento de racismo, e que para afrontalo é necesario un esforzo universal.



O documento presenta **recomendacións** concretas **para combater a discriminación**; afirma que toda doutrina de superioridade racial é cientificamente falsa, moralmente condenable, socialmente inxusta e perigosa, e debe rexeitarse; e recalca que a pobreza, o subdesenvolvemento, a marxinação, a exclusión social e as desigualdades económicas están estreitamente vinculadas co racismo, coa discriminación racial, coa xenofobia e coas prácticas conexas de intolerancia. Tamén insta os Estados a establecer e executar sen demora políticas e plans de acción para combater o racismo, a discriminación racial, a xenofobia e as formas conexas de intolerancia.

Estratexia Integral contra o racismo, a discriminación racial, a xenofobia e outras formas relacionadas de intolerancia. Ministerio de Traballo. (Modificado)

Utilizar mapas

- Con axuda dun atlas, nomea algúns países nos que os migrantes:
 - Supoñen un 10% ou máis da poboación total.
 - Significan menos dun 1% da poboación total.

Cales son as causas que poden explicar esas situacións? Que consecuencias se poden derivar, en cada caso, delas?

Elaborar xuízos propios

- Escribe unha opinión persoal sobre cada un destes temas. Utiliza como base o texto e as ilustracións anteriores.
 - A chegada de inmigrantes e o aumento da multiculturalidade.
 - As actitudes de racismo e xenofobia.
 - As medidas internacionais que se adoptaron para combater esas actitudes.

O futuro da poboación mundial

O coñecemento do futuro da poboación é fundamental para os estados. Por iso, a ONU realiza proxeccións demográficas a medio prazo das tendencias mundiais.

8.1 Poboación e fertilidade

A **poboación** mundial alcanzará os 9600 millóns de persoas en 2050 e os 10900 en 2100. O maior crecemento corresponderalles aos países menos desenvolvidos, que reunirán o 88,2% da poboación mundial en 2100. E máis da metade dese crecemento poboacional procederá duns cantos países de Asia (India, China, Paquistán, Indonesia, Bangladesh) e, sobre todo, de África (Nixeria, República Democrática do Congo, Uganda e Etiopía).

A **fertilidade mundial** decrecerá. Nos países máis desenvolvidos a súa baixa taxa crecerá lixeiramente por efecto da inmigración e das políticas natalistas. Nos países menos desenvolvidos reducirase debido ás políticas de control da natalidade, ata situarse por debaixo de 2,1 fillos por muller, que é o nivel mínimo necesario para asegurar a substitución da poboación.

8.2 Esperanza de vida e envellecemento

A **esperanza de vida** mundial crecerá ata os 75,9 anos en 2050. Os países máis desenvolvidos terán as cifras máis altas (82,8 anos). Pero o maior crecemento corresponderalles aos países menos desenvolvidos (74,8 anos), ao reducirse as enfermidades infecciosas.

O **envellecemento** da poboación afectará a todos os países, como resultado da diminución da natalidade e da prolongación da esperanza de vida.


- Nos **máis desenvolvidos** será moi intenso, impedirá a substitución da poboación laboral, e ocasionará gastos en pensións, sanidade e asistencia social. Tamén afectará algúns países emerxentes de Asia e América Latina.
- Nos **menos desenvolvidos** será menor e obrigaralle a buscar traballo a unha crecente poboación en idade de traballar, pero reducirá a poboación dependente, permitindo investir máis en educación e saúde e mellorar o benestar económico e social.

8.3 Migracións e cidades

O **éxodo rural** continuará crescendo, sobre todo nos países menos desenvolvidos. Como consecuencia, en 2050 a maioría dos habitantes do planeta (72%) vivirá en cidades, coa conseguinte degradación do medio ambiente, escaseza de alimentos e auga potable.

As **migracións internacionais** son máis difíciles de prever, debido a que dependen de factores tan variables como as situacións económica, política e medioambiental.

Pirámide de poboación mundial



En **2050** o conxunto da **poboación mundial** será **adulta**. Non obstante, existirán marcados contrastes entre o forte envellecemento dos países desenvolvidos e a poboación predominantemente adulta dos subdesenvolvidos e emerxentes.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Xerar ideas propias CTF

- 1 Que tendencias futuras se prevén para a esperanza de vida, a estrutura por idade e as migracións?
a) Argumenta a túa explicación utilizando datos estatísticos e analizando as causas que motivarán a evolución prevista.

Utilizar mapas e gráficos



- 2 En que cuestións se basean os demógrafos para supoñer que a poboación mundial será adulta no ano 2050?
- 3 Redacta un texto sobre o futuro da poboación utilizando a información que proporcionan os mapas e os gráficos desta dobre páxina.
- 4 Coa axuda do mapa di como evolucionará o crecemento da poboación mundial. Que áreas crecerán máis e cales o farán menos?

DESTREZA


Consulta o traballo con mapas. Os mapas temáticos

Tendencias da poboación, a fertilidade e a esperanza de vida


O crecemento da poboación (2010-2100)



O descenso da fertilidade



O aumento da esperanza de vida




A fertilidade baixa dos países desenvolvidos crecerá lixeiramente por efecto da inmigración e das políticas para incrementar a natalidade. A dos países menos desenvolvidos decrecerá ata situarse por debaixo do nivel de substitución, debido á aplicación de políticas de control da natalidade por parte da maioría dos países.

DESAFÍOS QUE DEIXAN PEGADA

APLICA

- Comenta a distribución da poboación africana. Debes facer referencia aos focos de concentración e despoboamento e aos seus factores explicativos.





- Examina a táboa estatística e realiza estas tarefas:
a) Que porcentaxe sobre o total mundial representaban en 2020 as rexións desenvolvidas e as de baixo desenvolvemento? b) Que causas explican as distintas taxas de crecemento e esperanza de vida ao nacer? c) Que consecuencias poboacionais se poden obter das diferenzas existentes na fecundidade e na poboación nova?

	Poboación total en millóns 2021	Taxa de crecemento da poboación % 2020	Esperanza de vida ao nacer 2020
Mundo	7837	1	73
Rexións máis desenvolvidas	1271	-0,2	79
Rexións menos desenvolvidas	6566	1,3	72
África	1373	2,6	64
América	1027	1	78
Asia	4651	0,9	74
Europa	744	-0,3	78
Oceanía	43	0,9	78

	Taxa de fecundidade das mulleres 2020	Poboación de 0-14 anos % 2021
Mundo	2,3	26
Rexións máis desenvolvidas	1,5	16
Rexións menos desenvolvidas	2,4	27
África	4,3	40
América	1,8	24
Asia	1,9	24
Europa	1,6	16
Oceanía	2,2	23

- Os gráficos inferiores recollen a evolución da poboación das rexións desenvolvidas e subdesenvolvidas entre 1950 e 2050.

Explicaas facendo referencia, como mínimo, a estes conceptos demográficos: natalidade, mortalidade, crecemento natural, migracións, teoría da transición demográfica.



Fonte: ONU.

REFLEXIONA E VALORA

Comezaremos o noso traballo xornalístico co estudo do espazo humano mundial. Reflexiona de xeito individual e comparte en grupo a valoración sobre as actividades implicadas. Para iso, descarga en anayaeducacion.es a rúbrica correspondente.

PON A PROBA AS TÚAS COMPETENCIAS

Para comprobar as competencias sobre a poboación, realiza a autoavaliación competencial. Poderás encontrala en anayaeducacion.es.